



Resolución de 7 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 17 de abril), e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar no que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos citados procedementos selectivos.

En cumprimento do sinalado na base oitava da Orde do 7 de abril de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 17 de abril), pola que se convocan os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Nomear ao tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua castelá nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Indicar a data, hora e lugar no que se realizará a citada proba:

Data: 16 de xuño de 2017

Hora: ás 19:30 horas.

Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo, 5 Santiago de Compostela (A Coruña)





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Terceiro.- Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir as axudas e gastos de viaxe de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (Diario Oficial de Galicia de 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) e deberá entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez





ANEXO

590004- Lingua castelá e literatura		
Tribunal único		
Titulares		
POSTO	NIF	APELIDOS E NOME
Presidente/a Titular	32417013P	López Varela, Elisardo
Vogal Titular 1	32781386S	Iglesias Pereira, Juan
Vogal Titular 2	34952576M	Novoa Aira, María Mercedes
Vogal Titular 3	76729289R	López Quintans, Javier
Vogal Titular 4	32662913S	Regueiro Vilar, Mercedes
Suplentes		
POSTO	NIF	APELIDOS E NOME
Presidente/a Suplente	32418020A	Soto Arias, M ^a Rosario
Vogal Suplente 1	33213718Q	Romarís Pais, Andrés
Vogal Suplente 2	34264216N	López López, Silvia
Vogal Suplente 3	32770210V	Gestal Muíño, Sandro Daniel
Vogal Suplente 4	11399904T	Martín González Nuevo, María Mónica

